

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAI E A FEDERACIÓN XOC AGRUPACIÓNS DE DANZA E MÚSICA TRADICIONAL GALEGA PARA A REALIZACIÓN DO PROGRAMA DE BAILE E MÚSICA TRADICIONAL "DANZA 3 XACOBEO 21.22" EN 2022

Santiago de Compostela

COMPARECEN

Por unha banda, Jacobo Sutil Nesta, director da Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic), actuando por delegación do Consello Reitor da axencia, en virtude do disposto no Decreto 150/2021, do 12 de xullo, polo que se aproba o Estatuto da Axencia Galega das Industrias Culturais e na resolución do 24 de xullo de 2012 (Diario Oficial de Galicia do 29 de agosto de 2012).

Por outra banda, Martín Río Cayón, na súa calidade de presidente da Federación XOC Agrupacións de danza e música tradicional galega (en adiante Federación), con NIF G-70601653, con poderes suficientes para a celebración deste acto en virtude do establecido nos seus estatutos e na acta da constitución da Federación do 30.08.2019.

As partes interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das súas facultades que para convir no nome das entidades que representan teñen conferidas e,

EXPOÑEN

PRIMEIRO. A Axencia Galega das Industrias Culturais, creada pola Lei 4/2008, do 23 de maio, de creación da Axencia Galega das Industrias Culturais, é unha axencia pública con personalidade xurídica propia, patrimonio propio e autonomía na súa xestión, segundo establece o artigo 1.2 da citada Lei.

O obxecto da axencia é, entre outros, o fomento da oferta de bens e servizos culturais, fixado polo artigo 3.1 da Lei, e entre as súas funcións atribúense a de favorecer os produtos que difundan a lingua, a cultura e as tradicións propias de Galicia (artigo 5.b) da Lei 4/2008). Para o logro dos seus obxectivos, a Agadic poderá subscribir convenios, realizar actividades comerciais e industriais, conceder subvencións e establecer calquera outra iniciativa de acción tendente á consecución dos obxectivos que se lle atribúen (artigo 5.2 da Lei 4/2008).

SEGUNDO. A Federación XOC Agrupacións de danza e música tradicional galega é, segundo os seus estatutos, unha organización de natureza asociativa e sen ánimo de lucro que ten como fins principais a recuperación da etnografía e todo o que iso englobe (músicas, bailes, cancións e vestimentas tradicionais); o estudo das tradicións, costumes, hábitos e expresións culturais e populares así como o



seu arquivo, estudo e difusión; evitar a perda da riqueza etnográfica mediante a práctica de actividades nas que mostrar estas tradicións e costumes; fomentar o ensino e difusión da nosa cultura popular e amosar os coñecementos adquiridos neste ámbito organizando espectáculos e galas. Para levar a cabo os seus fins, a Federación poderá organizar obradoiros e cursos, actuacións, xornadas e calquera outra actividade considerada necesaria para acadar os fins pretendidos.

TERCEIRO. Este convenio de colaboración enmárcase na liña 3 –*Dinamización de asociacións, federacións e colectivos do sector escénico, musical e audiovisual*– da planificación estratéxica da Agadic de actuacións de fomento de actividades mediante convenios de colaboración con fins culturais con entidades de carácter cultural e corporacións locais no ano 2022, aprobada o 18.01.2022.

Este instrumento de colaboración enmárcase dentro programa de gasto da Agadic 432B –*Fomento das actividades culturais*–, cuxo obxectivo principal se centra en desenvolver as grandes liñas de actuación para o apoio á cultura galega, de xeito que se propicie un compromiso da sociedade galega e das institucións para facer da cultura un dos elementos centrais da vida da nosa sociedade e da súa imaxe no mundo. Este programa de gasto estará aliñado coas liñas e obxectivos estratéxicos delimitados na Estratexia da Cultura Galega 21, para garantir a máxima difusión da actividade cultural en todo o territorio de Galicia e entre toda a cidadanía, ademais de asentir un tecido social e empresarial significativo e produtivo nos sectores da cultura galega.

Danza 3 Xacobeo 21.22 é un proxecto arredor do folclore que desenvolve espectáculos de música e baile tradicional co obxectivo de visibilizar o baile e a música tradicionais de Galicia que este ano percorrerá quince concellos galegos. Os espectáculos de Danza 3 van variando cada ano, ofrecendo tamén formatos máis pequenos e/ou menos estáticos (actuacións de rúa, animación musical itinerante, etc.) que se compaxinan con actuacións de gran formato e maiores necesidades de produción para realizar en teatros ou escenarios de grandes dimensións.

O impacto acadado por este ciclo viuse reforzado nos últimos anos tamén a través da súa difusión en redes sociais. “Danza 3” é un circuío coñecido, consolidado e agardado dentro das programacións culturais dos concellos galegos. Neste ano 2022 o ciclo e o traballo das agrupacións pretende incidir na celebración do 25 aniversario da fundación de O Fiadeiro e o centenario da creación de Cantigas e Agarimos, producidas ambas en 2021, pero que coas restricións ocasionadas pola situación sanitaria non se puideron celebrar como merecen estas efemérides referentes da cultura tradicional galega, ao que hai que sumar os máis de corenta anos de traballo de Xacarandaina.

Estas agrupacións traballan coa música e o baile tradicionais como materias primas coas que construír experiencias visuais e sonoras para un público que cada vez ten máis produtos entre os que escoller.

As asociacións que integran a Federación están dedicadas, desde a súa fundación, á recuperación, conservación e transmisión da cultura tradicional galega, traballando activamente na consolidación da identidade cultural de Galicia.

Nos últimos trinta anos, afeccionados á música e baile tradicionais tomaron conciencia sobre o feito de que un gran conxunto de saberes e coñecemento transmitidos oralmente durante séculos estaban a piques de se perder por mor dun cambio social e tecnolóxico que facía esmorecer o contexto no que



eses saberes se desenvolveran e acadaran un sentido pleno. Todo un caudal de coñecemento que carecía dunha nova xeración que o recibise e lle dese continuidade no tempo, e que só pervivía nas aldeas, na sociedade rural, onde o cambio era máis pausado. Estes afeccionados ao folclore comezaron a percorrer por toda Galicia realizando traballos de campo, recollendo cantas mostras e testemuños puideron atopar sobre cantares, bailes, melodías, costumes, etc., un intenso traballo de campo empregado como materia prima no deseño e elaboración de espectáculos de baile e música tradicionais, escenificando e divulgando a parte máis festiva, lúdica e artística daquel saber antergo.

As agrupacións Cantigas e Agarimos, O Fiadeiro e Xacarandaina son tres dos colectivos máis importantes que traballan a prol do folclore, tanto polo especial empeño e aplicación de recursos na procura e recuperación dos saberes tradicionais e a súa posterior divulgación, como pola calidade dos seus espectáculos. O seu traballo contribuíu de xeito decisivo na consideración do baile e música tradicionais de Galicia no só como unha particularidade cultural con certo interese festivo, senón, principalmente, como unha manifestación artística de alto contido estético. Estas entidades unen os seus coñecementos e experiencia na Federación XOC para poder contribuír así a que a noso baile e música tradicionais perduren no tempo.

Desde o inicio do proxecto no ano 2008, os sucesivos espectáculos das agrupacións percorreron Galicia contribuíndo así á difusión e divulgación dunha parte esencial da cultura de Galicia e proporcionándolle ao público unha información fundamental para que poida comprender e valorar na súa xusta medida a importancia do noso patrimonio inmaterial. Durante estes anos, as agrupacións levaron os seus espectáculos en diferentes formatos por máis de 180 concellos de Galicia, nun circuíto definitivamente consolidado grazas ao afianzamento dunha imaxe propia respaldada polos lugares onde se desenvolven as actuacións.

CUARTO. O proxecto reúne as claves que fundamentaron a recuperación do folclore galego e a súa consideración como un conxunto de saberes intrinsecamente valioso (o traballo de campo, a compilación de material videográfico, a edición e publicación de discos e monografías baseados neste material, etc.) cos elementos que cabe atopar detrás do concepto de espectáculo: deseño escenográfico, recurso a equipos técnicos de luz e son, elaboración detallada da posta en escena, etc. E todo este esforzo no fomento dun ámbito de noso como da cultura popular que realiza a Federación coa organización deste programa e o traballo de estudo e investigación que o respalda, coincide coa liña de difusión e promoción da cultura galega que a Agadic está a levar a cabo, de aí que considere fundamental a colaboración mutua nestas iniciativas, que garanten a calidade, profesionalidade e o éxito, sen dúbida, do programa.

Unha maior eficacia dos recursos dispoñibles fai necesaria a estreita colaboración coas asociacións, fundacións e institucións galegas para que, en cada ámbito respectivo de actuación, se poidan realizar, sumando e compartindo esforzos, as actividades culturais que se estimen de interese e utilidade social e cultural. Doutro xeito non sería posible para a Agadic asumir en solitario os custos de todas as actividades culturais que se consideran esenciais para o desenvolvemento cultural en



Galicia. E son estes convenios ferramentas imprescindibles de colaboración que axudan a equilibrar os custos e as necesidades ademais de garantir a calidade dos eventos e das súas programacións.

Polo anteriormente exposto, as partes, no nome e representación en que concorren e con capacidade legal para este acto, acordan as seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO

O obxecto deste convenio é establecer o marco de colaboración entre a Agadic e a Federación XOC para o desenvolvemento do programa de baile e música tradicional Danza 3 Xacobeo 21.22 en 2022.

SEGUNDA. ACTUACIÓNS DO PROGRAMA

A programación desenvolverase en quince concellos galegos entre os meses de abril a setembro de 2022 a través de 12 actuacións con formación de baile e acompañamentos e 3 actuacións musicais, coa seguinte programación:

Cantigas e Agarimos	Xacarandaina	O Fiadeiro
14 maio Ribeira (musical)	28 maio Guitiriz	23 abril Lalín
17 xullo Vilanova de Arousa	3 xullo San Sadurniño	10 xullo Allariz
24 xullo Carnota	17 xullo Cervo	15 xullo Mos
27 agosto Sanxenxo	24 xullo Noia	16 xullo Marín
11 setembro Mondoñedo	21 agosto Vilalba (musical)	6 agosto Ribadavia (musical)

TERCEIRA. OBRIGA DAS PARTES

A organización e desenvolvemento das actividades obxecto do convenio serán realizadas pola entidade nun proceso de colaboración continua coa Agadic.

Serán obrigas da entidade:

1. A busca dos distintos espazos onde se desenvolven as actuacións.
2. A coordinación e desenvolvemento dos diferentes espectáculos e apoio técnico na posta en escena dos espectáculos nos distintos espazos de exhibición.
3. Os traslados e transporte dos compoñentes das agrupacións.
4. A difusión axeitada do programa, coa elaboración de materiais de difusión específicos, dando publicidade da colaboración pública nas actividades conveniadas. Para estes efectos, todos os



materiais ou soportes de difusión, impresos e en liña, deberán incluír os logotipos da Xunta de Galicia e Xacobeo 21.22, de acordo cos seus respectivos manuais de identidade corporativa.

5. Comunicar á Agadic horarios e ubicación concreta de cada unha das actuacións con antelación suficiente e comunicar, así mesmo, calquera variación que puidese existir sobre a programación inicialmente presentada.

6. O cumprimento da lexislación vixente en materia de riscos laborais e seguridade nas actividades desenvolvidas.

7. O cumprimento das obrigas en materia de Seguridade Social.

8. Dispoñer de póliza de responsabilidade civil.

9. A correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real Decreto lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

10. Acreditar que está ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de que non ten pendentes de pagamento débedas coa comunidade autónoma.

11. Comunicarlle á Agadic a obtención de subvencións, axudas, ingresos ou outros recursos que financien a actividade conveniada procedentes de calquera administración ou entres públicos ou privados. Esta comunicación debe efectuarse tan axiña como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dos fondos percibidos.

12. Reintegrar as cantidades que, no seu caso, se adiantaran pola Agadic, no suposto de que, por calquera circunstancia, as actividades obxecto deste convenio non foran realizadas ou non se axustaran ao plan previsto.

13. Someterse ás accións de comprobación que realice a Xunta de Galicia, así como prestar colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e ao Consello de Contas de Galicia.

Serán obrigas da Agadic:

1. Aboar a achega económica comprometida para o desenvolvemento de actuacións previstas no convenio de colaboración.

2. Apoio nos procesos de comunicación e difusión dos espectáculos.

CUARTA. RÉXIME ECONÓMICO

1. Para a realización conxunta do programa de actividades conveniadas, a Agadic realizará unha achega de **58.000 euros** con cargo á aplicación orzamentaria 10.A1.432B.640.1, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022, nas que existe crédito axeitado e abondo.



2. O orzamento total das actividades do proxecto é de 58.726 euros IVE incluído (58.600 euros sen IVE), consonte a seguinte desagregación:

GASTOS	IMPORTE
ACTUACIÓNS	58.000
1. Actuacións con formación de bailie e acompañamentos (12 actuacións)	51.680
2. Actuacións musicais (3 actuacións)	6.320
COMUNICACIÓN E DIFUSIÓN	363
Deseño e produción de materiais de difusión	
XESTIÓN E COORDINACIÓN DAS ACTIVIDADES	363
Gastos xerais de xestión e coordinación do proxecto	
TOTAL	58.726

3. Considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación establecido neste convenio.

4. No caso de que o importe de xustificación dos gastos sexa inferior ao importe do orzamento presentado, a achega da Agadic diminuírase proporcionalmente.

5. O prazo de xustificación das actuacións deste convenio remata o **20 de outubro de 2022**. Non obstante, se existen cotas de seguros sociais liquidables e obrigas análogas con posterioridade á data de xustificación, estas poderanse presentar como data límite o 15 de febreiro do ano 2023.

QUINTA. CONDICIÓN DE PAGAMENTO E XUSTIFICACIÓN

1. A entidade deberá xustificar o importe total da actividade.

2. Da achega comprometida pola Agadic (58.000 euros), poderanse facer pagamentos parciais que respondan ao ritmo de execución da actividade como financiamento necesario para levar a cabo as actuacións inherentes á colaboración.

Admitirase a realización de pagamentos parciais, previa a petición da Federación:

- 1º pagamento parcial unha vez realizadas as tres primeiras actuacións, programadas para os meses de abril e maio.
- 2º pagamento parcial unha vez realizadas as actuacións programadas para o mes de xullo.
- 3º pagamento parcial, logo de realizar, e xustificar debidamente, as restantes actuacións do programa e xustificadas os gastos relativos ao deseño e realización dos materiais de difusión e de administración e xestión.

Para materializar cada un destes pagamentos será necesaria a presentación da seguinte documentación xustificativa:



- a. Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións obxecto deste convenio, con indicación das actividades realizadas. Deberá incluír documentación gráfica das actuacións efectuadas coa inclusión dos logotipos da Xunta de Galicia e do Xacobeo 21.22.
- b. Memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá:
- b.1. Relación clasificada de gastos da actividade, con identificación do acredor (denominación e NIF), nº de factura ou documento de valor probatorio, concepto do gasto claramente expresado, importe (con IVE e sen IVE), data de emisión, forma de pagamento (transferencia, etc.), data de pagamento e importe.
 - b.2. Facturas ou documentos de valor probatorio equivalente incorporados na relación a que se fai referencia no parágrafo anterior e a documentación acreditativa do pagamento.
 - b.3. En caso de nóminas e facturas con retención de IRPF, deberá presentarse o modelo 111 (retencións e ingresos a conta do IRPF) dos trimestres correspondentes á xustificación entregada, así como xustificación acreditativa do ingreso.
 - b.4. Memoria económica explicativa e aclaratoria dos gastos realizados para a realización das actividades: desviacións ou variacións económicas habidas con respecto ás partidas inicialmente presupostadas no proxecto económico presentado para a firma do convenio, que deben ser explicadas e motivadas convenientemente na memoria; en caso de gastos relativos a aloxamento, mantenza, viaxes, traslados..., de ser o caso, débese especificar nesta memoria a relación de persoas ás que se refiren os gastos e da súa relación coa actividade conveniada; e todas aquelas cuestións que se considere precisen explicación.
- c. Certificados de actuación asinados polos titulares ou responsables dos espazos de representación.
- d. Declaración responsable do cumprimento das obrigas en materia de Seguridade Social.
- e. Declaración responsable de exención ou suxeición á obriga de declarar o IVE.
- f. Unha declaración responsable que conteña unha relación detallada, se é o caso, doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade conveniada con indicación do importe e a súa procedencia. No caso contrario, presentarán declaración de non ter solicitado nin concedido ningunha axuda para a actividade conveniada.
- g. A acreditación de estar ao corrente de obrigas tributarias e coa Seguridade Social, mediante:
- Certificación positiva de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias, expedida pola Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT).
 - Certificación positiva de non ter contraída ningunha débeda de natureza tributaria coa Facenda Pública da Comunidade Autónoma, expedida pola Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA).
 - Certificación positiva de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas coa Seguridade Social, expedida pola Tesourería da Seguridade Social.

A Agadic poderá consultar a través de medios de interoperabilidade os datos elaborados polas Administracións públicas sobre a situación de que a entidade se atopa ao corrente das súas obrigas



tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración Pública da Comunidade Autónoma, agás que medie oposición expresa da entidade, en cuxo caso a entidade deberá achegar a documentación que a continuación se relaciona.

Antes da realización de calquera pagamento por parte da Agadic, a entidade deberá estar ao corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

4. A documentación correspondente á xustificación presentarase de forma electrónica a través do Rexistro electrónico da Xunta de Galicia (<http://sede.xunta.gal>). En canto á forma de presentación, os xustificantes de gasto así como os seus xustificantes de pagamento deberán entregarse clasificados segundo os apartados da relación clasificada de gastos presentada.

5. A totalidade do importe achegado pola Agadic está destinado a cubrir os custos das actividades conveniadas, segundo a memoria presentada, sen que haxa beneficio económico de ningún tipo por parte da entidade, e en ningún caso existirá ánimo de lucro xerado polas actividades desenvolvidas nin beneficio industrial ningún.

6. No caso de incumprimento da obriga de dar publicidade do carácter público do financiamento do investimento obxecto de convenio (coa inclusión en toda a documentación e soportes de difusión das actividades, impresos e en liña, dos logotipos da Xunta de Galicia e Xacobeo 21.22, de acordo cos seus respectivos manuais de identidade corporativa), reducirase un 2 % o importe da achega, e, se é o caso, deberán reintegrarse as cantidades percibidas nesa proporción.

7. O prazo para presentar a documentación xustificativa por parte da entidade remata o **20 de outubro de 2022**.

SEXTA. DEREITOS SOBRE A INFORMACIÓN E OS RESULTADOS

Os resultados froito deste convenio serán de titularidade e uso común da Agadic e das entidades. A Agadic resérvase o dereito de publicar os resultados, parciais ou finais, obtidos durante a execución do convenio que, en todo caso, terán carácter público. Os resultados deste programa de actividades quedarán para futuras edicións e as partes poderán utilizalos nun futuro indistintamente.

Calquera que sexa o medio de difusión, as partes comprométese a facer mención expresa deste convenio. En calquera caso as entidades poderán facer uso dos coñecementos adquiridos durante a realización do programa en actividades propias da súa función.

Calquera transformación dos resultados do programa de colaboración conxunta requirirá o consentimento expreso das partes asinantes do convenio.

SÉTIMA. PERSOAL E RELACIÓNS LABORAIS

A sinatura deste convenio non comporta relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que van desenvolver as actividades e a Agadic, de xeito que non se lle poderá esixir a esta ningunha responsabilidade, nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria, polos actos ou feitos ocorridos durante a execución das actuacións e/ou a vixencia deste convenio.



OITAVA. PUBLICIDADE DO CONVENIO

1. Este convenio será obxecto de publicidade e inscrición de conformidade co disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia. Así mesmo, será obxecto de publicación e inscrición en cumprimento do disposto no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, o artigo 15 da Lei 9/2017, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

2. As partes asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así como o resto das especificacións contidas nel, poidan ser publicados no Portal de transparencia e Goberno Aberto.

NOVENA. INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

1. Os datos persoais recadados neste convenio serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia –Agadic– coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa que se derive deste convenio.

Os datos de carácter persoal que deriven das actuacións desenvolvidas directamente polas entidades, serán tratados por esta na súa condición de responsable do tratamento.

2. O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme as referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>.

3. Os datos recadados pola Agadic serán comunicados ás Administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia coa finalidade de cumprir co obxecto deste convenio.

4. A referencia á publicidade, en cumprimento da normativa de transparencia, axustarase á dita normativa e coas limitacións que esta establece.

5. As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercitar outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora no procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>.

6. Así mesmo, as entidades convenientes someteranse ao disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos) e a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.



DÉCIMA. MODIFICACIÓN E RESOLUCIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN

1. As modificacións do convenio adoptaranse por acordo expreso e escrito das partes asinantes e de acordo cos trámites que esixa a normativa vixente.
2. Serán causas de resolución deste convenio as seguintes:
 - a) O incumprimento de calquera das cláusulas establecidas neste.
 - b) O acordo mutuo.

En caso de resolución, o convenio terá os efectos establecidos no artigo 52 da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

3. O incumprimento de calquera das obrigas contraídas neste convenio por unha das partes facultará a outra para rescindilo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto do programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo. En tal caso as partes realizarán a correspondente liquidación en relación cos gastos efectivamente executados polas entidades e debidamente xustificadas ou aqueles compromisos firmes adquiridos con terceiros que foran debidamente acreditados.

DÉCIMO PRIMEIRA. COMISIÓN MIXTA DE SEGUIMENTO

1. A Agadic nomeará un responsable do seguimento das actividades contempladas neste convenio.
2. Para o desenvolvemento das actividades obxecto do convenio créase, de acordo co previsto no artigo 49.f da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, un órgano mixto de vixilancia e control da execución e aplicación deste convenio e de resolución de controversias administrativas. A esta comisión mixta de seguimento serán sometidas todas as cuestións derivadas do desenvolvemento deste convenio e non recollidas nel, e, con carácter previo, aquelas que impliquen desconformidade por algunha das partes asinantes.

A estes efectos, e no ámbito desta comisión mixta de seguimento, as partes manterán reunións periódicas de coordinación, seguimento e control das actividades levadas a cabo, nun proceso de colaboración mutua entre ambas.

3. Esta comisión estará composta polos seguintes membros:
 - A persoa titular da presidencia das entidades ou persoa que legalmente as represente, ou unha persoa das entidades que a substitúa.
 - A persoa titular da dirección da Agadic actuará como presidente e a suplencia exercerase pola persoa titular do Departamento de Coordinación Xeral e Xerencia da Agadic.
 - Actuará como secretario, con voz pero sen voto, un funcionario da Agadic.

DÉCIMO SEGUNDA. NATUREZA XURÍDICA

1. Este convenio ten carácter administrativo e rexerase polas súas cláusulas e, no seu defecto, polo establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, e demais normativa de aplicación.



2. Así mesmo, este convenio está excluído do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, se ben observaranse os seus principios para resolver as lagoas e dúbidas que se puidesen presentar.

DÉCIMO TERCEIRA. VIXENCIA DO CONVENIO

Este convenio estará en vigor dende o día da súa sinatura ata o 30 de decembro de 2022.

E en proba de conformidade de canto antecede, asinan

POLA AGADIC

Jacobo Sutil Nesta
Director da Agadic
(P.D. do presidente do Consello Reitor da Agadic,
DOG 29/08/2012)

POLA FEDERACIÓN XOC AGRUPACIÓNS DE DANZA E MÚSICA TRADICIONAL GALEGA

Martín Río Cayón
Presidente

